- Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua latina. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...). - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
19	CAPITVLVM XIX: MARITVS ET VXOR	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Traduce textos de certa dificultade con poucos erros	PE	25
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Diferencia entre palabras cultas e patrimoniais		
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Ten un vocabulario bastante amplio	TI	75
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e corrixe os seus erros		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Le correctamente e con soltura textos latinos		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistra as súas dificultades		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Produce textos de certa dificultade en latín		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Participa en diálogos improvisados en latín e comete poucos erros		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Produce textos latinos con poucos erros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua latina. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións

Contidos
- básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...). - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
20	CAPITVLVM XX: PARENTES	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Traduce textos latinos de certa dificultade e comete poucos erros.	PE	25
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Diferencia entre palabras patrimoniais e cultas		
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Ten un léxico amplo	TI	75
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e corrixe os seus erros		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Le correctamente e con soltura textos latinos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistra as dificultades		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Produce textos en latín de certa dificultade e comete poucos erros		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Participa en diálogos improvisados en latín e comete poucos erros		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Produce textos latinos con poucos erros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía

Contidos
- metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua latina. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...). - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
21	CAPITVLVM XXI: PVGNA DISCIPVLORVM	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Traduce textos latinos de certa complexidade e comete poucos erros	PE	25
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Diferencia entre cultismos e patrimonialismos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Ten un vocabulario bastante amplo	TI	75
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e corrixe os erros		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Le correctamente e con soltura textos latinos		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistra as dificultades atopadas		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Produce textos orais de certa dificultade e non comete moitos erros		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Participa en diálogos improvisados en latín e comete poucos erros		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Produce textos latinos con poucos erros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais.

Contidos
- Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua latina. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...). - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Metodoloxía a partir de métodos activos. Este enfoque parte da premisa de que o latín é unha lingua e que, por tanto, o proceso de aprendizaxe da mesma debe ser o máis semellante posible ao proceso de adquisición de calquera outra lingua. O obxectivo final é que o alumnado poida acceder aos textos da literatura latina a través da súa lectura, entendendo como lectura o acto automático polo que unha persoa entende un texto combinando dun modo non consciente ou reflexivo as normas de gramática da lingua e o coñecemento do significado das palabras. Por tanto neste enfoque os aspectos lingüísticos a traballar veñen determinados pola frecuencia do uso, tanto no que atinxe á

gramática como ao vocabulario, e pola procura do entendemento non reflexivo, cando menos en principio, do texto.
A metodoloxía propia deste enfoque pasa por unha lectura constante de textos de dificultade graduada, na que o persoal docente, mediante preguntas, uso de palabras ou expresións sinónimas, a asociación constante de determinadas expresións a unha xestualidade concreta e a realización constante de exercicios de uso da lingua, consegue que progresivamente o alumnado vaia adquirindo o correcto uso das formas dun modo case intuitivo. Isto non implica, porén, que nesta aproximación non haxa explicación gramatical ou aclaracións de natureza sintáctica. O que acontece é que á diferenza do enfoque gramaticalista, neste caso a aprendizaxe de gramática e sintaxe non é máis ca unha ferramenta de apoio a usar puntualmente.
Entre as grandes avantaxes deste enfoque pódese destacar basicamente dúas. Por unha banda, 1) o alumnado afaise dende o principio a ler e entender textos longos en latín, desenvolvendo estratexias para deducir o significado de palabras ou expresións en función do contexto. Pola outra, 2) o alumnado desenvolve unha grande capacidade de lectura e pronuncia correcta do latín.
Finalmente cómpre salientar que estes métodos anteriormente mencionados non teñen por que ser necesariamente contrarios, ficando en mans de cada docente decidir o emprego de aspectos dun ou doutro en función das súas preferencias e/ou das características dos grupos.
O profesor lerá os textos en voz alta poñendo especial énfase na entoación. A continuación, os alumnos, por quenda, lerán eses mesmos textos tamén en voz alta e o profesor corrixirá a entoación e a pronuncia. Se a pasaxe contén diálogos, pódense asignar os distintos papeis a diferentes alumnos.
O texto está ensamblado de tal xeito que o significado de case todas as palabras e das formas gramaticais novas resultan claras polo conxunto do discurso. Aínda así, o profesor, que irá introducindo gradualmente o uso do latín nas súas explicacións, chamará a atención dos alumnos sobre as cuestións de morfoloxía e sintaxe que vaian aparecendo e procurará non adiantar acontecementos. Finalmente, faralles preguntas en latín (ás que os alumnos deberán responder en latín) para comprobar se captaron o sentido do texto.
O método Familia Romana complétase cun libro de exercicios titulado Exercitia I e cunha colección de diálogos titulada Colloquia personarum, que serven para reforzar as cuestións de morfoloxía, sintaxe e vocabulario de cada capítulo e tamén para avaliar o nivel de comprensión lectora. Como tarefa individual a desenvolver na casa, os alumnos deberán facer aqueles exercicios que o profesor estime oportuno. Existe a posibilidade de que os propios alumnos comproben as súas respostas utilizando o CDROM que acompaña ao método.
Polo que respecta á lingua oral, a profesora animará aos alumnos a expresarse en latín, repetindo os modelos que propón o libro de texto. Faremos tamén exercicios de escoita para sondar o seu grao de comprensión da lingua oral.
En canto aos temas de civilización e cultura, o manual que imos empregar ten o acerto de incorporalos aos propios textos, de sorte que en moitos casos o alumnado poderá asimilalos espontaneamente (véxase a casa ou a escravitude). Neste casos, o traballo da profesora será ordenar a información e, cando se estime oportuno, ampliala. A pesar disto, a nosa programación inclúe contidos culturais máis específicos (historia da lingua, historia de Roma¿), que non aparecen no libro de texto, e será traballo da profesora entregar ao alumnado os documentos que inclúan a información que se lles esixe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1.- LINGVA LATINA PER SE ILLVSTRATA. Hans H. ØRBERG
2.- EXERCITIA LATINA
3.- COLLOQUIA PERSONARUM
4.- LUDE ET DISCE
5.- AULA VIRTUAL DO CENTRO

1.- É un curso de latín escrito enteiramente en lingua latina baseado no 'método inductivo-contextual' de aprendizaxe das linguas.
2.- Conxunto de exercicios que fan referencia a cada capítulo
3.- Coloquios realizados polos alumnos para coller soltura na lingua latina e fixar as estructuras morfolóxicas e gramaticáis.
4.- Conxunto de exercicios en internet autocorrixibles
5.- Eenvieranse actividades periódicas á aula virtual que tamén seran corrixidas e avaliadas pola aula virtual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarse a comezo do curso unha proba obxectiva escrita (de coñecemntos previos) que sondeará tanto os coñecementos lingüísticos xerais do alumnado, os seus coñecementos sobre o mundo antiguo e o seu grao competencial. Este documento será o punto de partida dende o que se marcarán as estratexias e instrumentos de avaliación da materia. Comezarase a traballar tomando en todo momento como referente a progresión dende a base marcada a comezos de curso por dita proba.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**	**UD 8**	**UD 9**	**UD 10**
Peso UD/ Tipo Ins.	**4**	**4**	**5**	**5**	**3**	**4**	**5**	**5**	**5**	**5**
Proba escrita	0	5	20	25	25	25	25	25	25	20
Táboa de indicadores	100	95	80	75	75	75	75	75	75	80

Unidade didáctica	**UD 11**	**UD 12**	**UD 13**	**UD 14**	**UD 15**	**UD 16**	**UD 17**	**UD 18**	**UD 19**	**UD 20**
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**
Proba escrita	25	25	25	25	25	25	25	25	25	25
Táboa de indicadores	75	75	75	75	75	75	75	75	75	75

Unidade didáctica	**UD 21**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**100**
Proba escrita	25	**23**
Táboa de indicadores	75	**77**

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN
Obterase da seguinte maneira:
1.ª AVALIACIÓN: media aritmética das UD que a integran. Fórmula: (UD1 + UD2 + UD3 + UD4 + UD5 + UD6) / 6.
2.ª AVALIACIÓN: media promediada de cada unha das UD que a integran segundo a seguinte fórmula:
((UD7 x 1) + (UD8 x 2) + (UD9 x 3) + (UD10 x 4) + (UD11 x 5) + (UD12 x 6) + (UD13 x 7)) = X; X / 28
[28 é o resultado de sumar os multiplicadores da cualificación de cada UD; 1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7]
3.ª AVALIACIÓN: media promediada de cada unha das UD que a integran segundo a seguinte fórmula:
((UD14 x 8) + (UD15 x 9) + (UD16 x 9) + (UD17 x 10) + (UD18 x 11)) = X; X / 47
[47 é o resultado de sumar os multiplicadores da cualificación de cada UD; 8 + 9 + 9 + 10 + 11]
CUALIFICACIÓN FINAL
1.ª avaliación achega o 25 % da cualificación final.
2.ª avaliación achega o 28 % da cualificación final.
3.ª avaliación achega o 47 % da cualificación final.
Así pois a fórmula final é:
(1.ª av. x 0,25) + (2.ª av. x 0,28) + (3.ª av. x 0,47)
Non haberá ningún tipo de limitación na aplicación desta fórmula (isto é, se unha alumna, por exemplo, que ten menos dun 5 na 1.ª avaliación non é quen de a recuperar e a fórmula final dá un resultado igual a 5 ou superior, terá a materia aprobada).
IMPORTANTE
1. As cualificacións que se han utilizar para o cálculo da cualificación final han ser as reais obtidas da aplicación das fórmulas matemáticas e non os enteiros que por lei deben aparecer no boletín.
2. Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro, sempre e cando a persoa docente considere que esta aproximación ha redundar nun beneficio para o alumando (exemplo: unha alumna que ten como media da 1.ª avaliación 6,57 poderá ter no boletín un 7, se así o considera oportuno a persoa docente, mais tendo en conta que para efectos de medias a que realmente se vai empregar é 6,57). Isto tamén rexe para a cualificación final.
3. No caso de que a cualificación da 3.ª avaliación sexa superior á da 2.ª, tendo en conta que os contidos lingüísticos son obxecto de avaliación progresiva, procederase a substituír na fórmula a cualificación orixinal da 2.ª avaliación pola da 3.ª.
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1. Probas escritas. Hanse adaptar aos contidos das unidades didácticas que se avalíen. (80%)
Estructura das probas obxectivas escritas:
- Realizaranse para un control periódico escrito alomenos dúas probas por trimestre para comprobae a consolidación e asimilación satisfactoria dos contidos. A estructura de dita proba contemplará os seguintes apartados:
A) PRIMEIRA PARTE: tradución dun texto de LLPSI; contestación en latín sobre o devandito texto, que responderán ao nivel adquirido polo alumno en cada capítulo ou conxunto de capítulos. (80% da cualificación)
B) SEGUNDA PARTE : cuestión de etimoloxía, cultura e civilización (20% da cualificación)

2. Actividades da aula virtual e na aula (participación, respostas,...) (20%)

Criterios de recuperación:

1.ª Avaliación. O alumnado que non chegue ao 5 na primeira avaliación terá que facer unha recuperación durante a 2.ª avaliación que poderá ser selectiva (isto é, avaliar soamente aqueles contidos que non superou) e oral se a persoa docente considera que isto pode redundar nun beneficio para o alumnado afectado.

2.ª Avaliación. O alumnado que non chegue ao 5 na 2.ª avaliación non fará ningunha proba específica de recuperación durante a 3.ª, xa que esta parte da materia é obxecto de avaliación progresiva.
Avaliación extraordinaria.
A avaliación extraordinaria tentará ser, en todo caso, selectiva, isto é, avaliar a cada persoa discente daquelas partes do programa que impiden que chegue ao 5 na aplicación da fórmula de cualificación final. Así pois, emitida a cualificación final de curso, cada persoa discente que non supere a materia recibirá un informe individualizado no que se especifique os contidos a recuperar. A cualificación final, así pois, será o resultado da aplicación da fórmula da avaliación final coas modificacións correspondentes.
En todo caso, en tanto que avaliación extraordinaria, o alumnado ten dereito a unha proba global da que se obteña unha cualificación final entre 0 e 10. O alumnado que así o manifeste, poderá optar a este tipo de proba e, por tanto, a cualificación final non estará limitada polos resultados acadados durante o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Das materias que dependen do noso departamento, só podemos ter alumnos de 4º de ESO con
Cultura Clásica pendente de 3º ou alumnos de 2º de bacharelato co latín ou o grego de 1º pendentes.
Neste curso 2023-24 NON HAI ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.
No caso de que unha persoa discente pase a 2.º curso de bacharelato coa materia Latín I pendente, háselle aplicar o seguinte plan de seguimento, recuperación e avaliación.
1. O alumnado afectado pode seguir o curso de 2.º como o resto do alumnado dándoselle por aprobada a materia de 1.º no caso de aprobar a de 2.º, sendo a cualificación de 1.º a mesma ca do 2.º curso. Neste caso o alumnado afectado será obxecto dunha especial atención e seguimento, que se ha reflectir nun informe individualizado ao final de cada unha das dúas primeiras avaliacións, na que a persoa docente valore o progreso.
No caso de que o informe da 2.ª avaliación sexa negativo, o alumnado afectado poderá, en todo caso, facer unha proba específica semellante á especificada no seguinte punto, ao inicio da 3.ª avaliación.

2. O alumnado afectado poderá facer unha proba específica durante o 1.º trimestre na que se obtén un 5 ou cualificación superior, daráselle por superada a materia recibindo a cualificación obtida, tendo en conta os criterios de redondeo estabelecidos nesta programación.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que queira cursar Latín II sen cursar previamente Latín I, terá que acreditar os coñecementos mínimos desta última para poder cursar aquela. Esta acreditación poderá ser realizada de dúas maneiras:

1.º Cursando a materia como pendente. Neste caso o alumnado estará ao disposto no establecido no punto 5.3 desta programación.

2.º Realizando unha proba específica antes do inicio das actividades lectivas do curso 2022-23. Neste caso a proba constará das seguintes partes:
a) Pregunta tipo test sobre aspectos relacionados coa historia, sociedade, goberno, romanización, legado e orixe da lingua latina, no que se avalían os contidos correspondentes ás unidades didácticas 1 a 6 desta programación. Esta pregunta achegará o 25 % da puntuación total da proba.
b) Exercicio de lectura en voz alta de texto latino. Esta pregunta achegará o 10 % da puntuación total da proba.
c) Exercicio de comprensión de texto. O alumnado lerá un texto e responderá en latín as preguntas de comprensión deste texto. Esta pregunta achegará o 30 % da puntuación total da proba.
d) Exercicio de tradución de texto latino a castelán ou galego, segundo prefira a persoa discente. Esta pregunta achegará o 35 % da puntuación total da proba.
Hase considerar que acredita os coñecementos precisos a persoa discente que na devandita proba acade 5 ou máis puntos.
O alumnado que queira cursar Latín II sen cursar previamente Latín I, terá que acreditar os coñecementos mínimos desta última para poder cursar aquela. Esta acreditación poderá ser realizada de dúas maneiras:

1.º Cursando a materia como pendente. Neste caso o alumnado estará ao disposto no establecido no punto 5.3 desta programación.

2.º Realizando unha proba específica antes do inicio das actividades lectivas do curso 2022-23. Neste caso a proba constará das seguintes partes:
a) Pregunta tipo test sobre aspectos relacionados coa historia, sociedade, goberno, romanización, legado e orixe da lingua latina, no que se avalían os contidos correspondentes ás unidades didácticas 1 a 6 desta programación. Esta pregunta achegará o 25 % da puntuación total da proba.
b) Exercicio de lectura en voz alta de texto latino. Esta pregunta achegará o 10 % da puntuación total da proba.
c) Exercicio de comprensión de texto. O alumnado lerá un texto e responderá en latín as preguntas de comprensión deste texto. Esta pregunta achegará o 30 % da puntuación total da proba.

d) Exercicio de tradución de texto latino a castelán ou galego, segundo prefira a persoa discente. Esta pregunta achegará o 35 % da puntuación total da proba.
Hase considerar que acredita os coñecementos precisos a persoa discente que na devandita proba acade 5 ou máis puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Diversidade académica.
Tras elaborar unha enquisa introductoria, encontreime uns alumnos cursaran latín en 4º ESO e outros non, polo que non tiñan ningún coñecemento previo.
Medidas:
1.- Adaptación dos materiais de forma que exista unha progresión na dificultade manexable para o alumnado.
2.- Repasos e unha progresiva ascensión na esixencia.
3.- Aplicación dunha metodoloxía activa e non do tradicional método de gramática e tradución, pois na miña opinión a aplicación desta metodoloxía é directamente confl ictiva coa atención á diversidade.
O enfoque da latinidade viva permite unha maior amplitude de acción en canto ao que á atención á diversidade se refire.
4.- Materiais de gran utilidade e de fácil adaptación ás necesidades do docente dos discentes son eo xa clásico Lingua Latina per se illustrata , coa súa lenta progresión é idóneo para distribuir os niveis dos alumnos

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora nsión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Comprensión lectora nsión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC								

	UD 17	UD 18	UD 19	UD 20	UD 21
ET.1 - Comprensión lectora nsión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita escrita.	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC					

Observacións:

Fomento da lectura, comprensión lectora, expresión oral e escrita
Nas clases de Latín traballaremos a diario a competencia lingüística dos alumnos coa fin de mellorar a súa comprensión lectora e a súa expresión oral e escrita. Ademais, a lectura de dous libros adecuados ao seu nivel contribuirá tamén ao fomento da lectura.
Comunicación audiovisual e TIC.
Para poder acadar o obxectivo fundamental do PLAN TIC, a saber, incorporar as tecnoloxías dainformación e da comunicación ao proceso de ensino e aprendizaxe como un recurso máis, o noso departamento proponse unha serie de obxectivos máis específicos, que afectan tanto aos alumnos como aos
profesores:
O uso crítico da rede como fonte de información. Para logralo, debemos proporcionarlles as pautas adecuadas para cribar información e poder chegar, de forma autónoma, á información precisa. Os alumnos de todos os niveis deberán realizar un traballo de investigación no que terán que utilizar non só as fontes convencionais de información, senón tamén a rede e deberán presentalo en soporte dixital.
O uso da rede como medio de estudo. Os alumnos deben aprender a buscar, descargar e manexar aplicacións informáticas para o estudo da gramática, dos latinismos, do vocabulario científico e técnico, da literatura, da civilización, da historia...
O uso da rede como medio de comunicación entre o profesor e os alumnos. O profesor comprométese a cargar ao longo do curso información da súa disciplina na páxina web do centro:
No apartado Departamentos, Linguas Clásicas, ademais da programación anual da materia, informarase aos alumnos sobre os enlaces máis útiles.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a unha obra de teatro	Representación dunha comedia ou dunha traxedia no festival de teatro grecolatino		X	
Aistencia ós "Ludi Compostellani"	Actividades sobre distintos aspectos da civilización romana.			X
Participación no concurso Odisea	Concurso por internet sobre mitoloxía, sociedade, literatura clásicas.	X		
Visita á cidade de Lugo	Museo provincial, murallas romanas, ...		X	

Observacións:

A asistencia á representación de obras de teatro clásicas é unha actividade angular da materia, dado que en función destas representacións hanse marcar as lectura do curso. Temporalización: mes de febreiro - marzo, en función das obras e sede que se escollan.
A visita á cidade de Lugo coincidirá coas representacións teatráis.
Os "Ludi Compostellani" coincidirán co mes de Maio.
O concurso "Odisea" será no mes de Febreiro

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Realizouse unha enquisa do alumnado sobre a práctica docente
Metodoloxía empregada
Empregouse a metodoloxía reflectida na programación didáctica
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo medidas de atención á diversidade e foron efectivas
Clima de traballo na aula
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse información ó titor.
Outros
Usáronse distintos procedementos de avaliación.

Descrición:

Preguntóuselle ao alumnado sobre a metodoloxía da ensinanza do latín cunha metodoloxía activa e con inmersión na lingua latina.
A metodoloxía foi a seguinte: lectura de textos e comprensión, preguntas e respostas en latín, realización de exercicios en latín.
Realizáronse probas escritas, orales, puntuales e diarias.
Realización de exercicios de diversa dificultade segundo os alumnos. Diálogos en latín tendo en conta o nivel de dificultade. Maior repetición de exercicios para alumnos con dificultades.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.
Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.
Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:
a. Resultados académicos do grupo.
b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados